

Preguntas frecuentes sobre o Rexistro de Empresas e Establecementos

Control de versións

Versión	Data de publicación
1.0	24/02/2023
2.0	01/03/2023
3.0	09/03/2023
4.0	16/03/2023

ÍNDICE

1º Que é o Rexistro de Empresas e Establecementos?.....	3
2º Que normas debo ter en conta para facer a miña labor de recompilación de información?	3
3º Que datos se deben facilitar para o Rexistro de Empresas e Establecementos (REPES)?.....	4
4º A que tipo de empresas se está a facer referencia no Decreto 226/2022, do 22 de decembro?	5
5º Como podo obter a información relativa ás empresas das que teño dar datos para a sección I do REPES?	6
6º Que diferenza existe entre as empresas que se van inscribir na sección I do REPES e as empresas da sección II do dito rexistro?	7
7º A que tipo de establecementos se está a facer referencia no Decreto 226/2022, do 22 de decembro?.....	8
8º En atención ao Catálogo deduzo que a información que se require para o REPES respecto dos bares e restaurantes é só referida a aqueles nos que teñan lugar actuacións musicais. É correcta a miña interpretación?.....	8

- 9º Debo enviar a información referente aos establecementos nos que se celebren espectáculos públicos ou teñan lugar actividades recreativas de tempada e ocasionais ou unicamente daqueles que teñan carácter permanente ? 9
- 10º É preciso enviar a información relativa aos locais socioculturais?..... 9
- 11º Debemos enviar os datos relativos a locais de titularidade e/ou xestionados por asociacións?..... 10
- 12º Debemos enviar a información de calquera empresa que teña organizado algún espectáculo público ou actividade recreativa no termo municipal do noso concello?..... 10
- 13º No caso de instalacións de titularidade pública nas que se desenvolvan varios tipos de actividades, debo recoller unha fila de excel para cada unha delas ou as relaciono todas nunha única fila? 11

1º Que é o Rexistro de Empresas e Establecementos?

O Rexistro de Empresas e Establecementos foi creado ao abeiro do disposto polo art.11 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

No dito artigo concíbese este como un rexistro público que estará integrado polos datos que se determinen regulamentariamente, o que se concretou mediante o Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

En concreto, no artigo 31 do dito decreto consúmase a creación deste rexistro (en diante REPES) no que se confirma a previsión legal de que se trata dun rexistro no que se incluírán os datos relativos a:

- a) Empresas dedicadas á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas (sección I).
- b) Establecementos nos que se realicen espectáculos públicos e actividades recreativas (sección II).
- c) Instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de ser utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas (sección III).

2º Que normas debo ter en conta para facer a miña labor de recompilación de información?

As principais normas que cómpre ter en conta son as seguintes:

1º Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (en diante LEP).

2º Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

3º Decreto 124/2019, do 5 de setembro polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

3º Que datos se deben facilitar para o Rexistro de Empresas e Establecementos (REPES)?

De acordo co disposto polo art. 11 da LEP son os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia os que deben facilitar a información relativa ás licenzas e declaracións responsables, así como as súas modificacións.

O art. 35 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro concreta esta información para recoller os seguintes datos que se incluírán no REPES:

1º Empresas: nome ou razón social, NIF, domicilio social, persoa representante (nome, apelidos e sexo) e epígrafe/s da actividade económica que desenvolve.

2º Establecementos: nome, enderezo e actividade que se desenvolve nel, así como identificación da persoa titular (nome, apelidos e sexo).

3º Instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de seren utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos e/ou actividades recreativas: nome e enderezo da instalación, Administración ou organismo titular e espectáculo público ou actividade recreativa que podería desenvolver naquela.

4º A que tipo de empresas se está a facer referencia no Decreto 226/2022, do 22 de decembro?

O REPES componse de tres seccións, unha dedicada ás empresas, outra aos establecementos e outra ás instalacións de titularidade pública, todas elas vinculadas ao desenvolvemento de actividades recreativas e/ou espectáculos públicos.

Por mor desta composición, os datos relativos ás distintas seccións non deben solaparse nin duplicarse senón que cada sección require dun tipo de información diferente.

No caso da sección I (Empresas dedicadas á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas) se debe incluír a información relativa a todas aquelas entidades que desenvolvan unha actividade económica cualificada como de espectáculo público ou actividade recreativa e que teña ou se enderezo social no concello que envíe a información, con independencia de que a dita empresa se limite a desenvolver a súa actividade no termo municipal do dito concello ou o faga en calquera outra localidade. Xa que logo, estas empresas non son necesariamente titulares dun establecemento no que se desenvolva un espectáculo público ou actividade recreativa.

No caso da sección II (Establecementos nos que se realicen espectáculos públicos e actividades recreativas) se debe incluír, entre outros datos, a información relativa a todas aquelas entidades que sexan titulares dun establecemento no que se realicen

espectáculos públicos e/ou actividades recreativas. Por tal motivo, este dato estará sempre vencellado ao propio establecemento do que se está a subministrar información.

En canto á sección III (Instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de ser utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas) no que se refire a datos de empresas, unicamente se debe facilitar información relativa á sociedades públicas que sexan titulares deste tipo de instalacións.

5º Como podo obter a información relativa ás empresas das que teño dar datos para a sección I do REPES?

Os datos que se precisan para a sección I do REPES están estreitamente vencellados ao Imposto de Actividades Económicas (IAE) na medida en que un dos datos que se requiren é precisamente o do epígrafe do IAE no que as ditas empresas están dadas de alta. Este é un dato que as distingue claramente das posibles empresas das que se facilite información na sección II do REPES, xa que neste último caso non se precisa o dato do epígrafe da actividade económica.

Os epígrafes do IAE dos que deriva a información que se precisa poden ser consultados no listaxe publicado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria na seguinte url:

https://www2.agenciatributaria.gob.es/ADUA/internet/es/aeat/dit/adu/adws/certificados/Tabla_de_epigrafes_IAE.pdf

Sen ánimo de exhaustividade, pódense indicar, a modo de exemplo, como referencias os epígrafes 965 a 969 cos seus correspondentes subepígrafes.

6º Que diferenza existe entre as empresas que se van inscribir na sección I do REPES e as empresas da sección II do dito rexistro?

Na sección I inscribíranse todas aquelas empresas que desenvolvan unha actividade económica cualificada como de espectáculo público ou actividade recreativa segundo os epígrafes I e II do Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante o Catálogo) e que consten dadas de alta nos epígrafes correspondentes do IAE.

Pola súa banda, a sección II recollerá a información de empresas que sexan titulares de establecementos nos que se realicen espectáculos públicos e/ou actividades recreativas das relacionadas no Catálogo. Neste caso, polo tanto, para poder distinguir as empresas das que hai que enviar información para a sección II cómpre estar:

1º Ao disposto no epígrafe III do Catálogo para ter claro cales son os establecementos respecto dos que hai que enviar a información e así poder identificar as empresas que hai que incluír na sección II .

2º Á correspondente licenza municipal ou declaración responsable para identificar a empresa titular do establecemento de que se trate.

Xa que logo, no caso de empresas da sección I debe estarse ao disposto polo Catálogo e á información que veña recollida nos diferentes epígrafes do IAE, mentres que no caso das empresas da sección II cómpre atender ao Catálogo e á información que conste nas licenzas municipais ou declaracións responsables correspondentes.

7º A que tipo de establecementos se está a facer referencia no Decreto 226/2022, do 22 de decembro?

O Decreto 226/2022, do 22 de decembro, en canto norma ditada en desenvolvemento da LEP está directamente vinculado co Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

Isto significa que cando o Decreto 226/2022, do 22 de decembro indica os datos que deben fornecerse para o REPES, as empresas e establecementos aos que se refire son aquelas e aqueles que se dedican ou nos que se desenvolven actividades cualificadas como de espectáculos públicos ou actividades recreativas polo Decreto 14/2019, do 5 de setembro.

Por tal razón, os establecementos que deben ser inscritos no REPES son todos aqueles nos que se desenvolva calquera das actividades relacionadas no Catálogo.

A modo de exemplo pódense citar os seguintes: bares, restaurantes, cafeterías, discotecas, pubs, etc

8º En atención ao Catálogo deduzo que a información que se require para o REPES respecto dos bares e restaurantes é só referida a aqueles nos que teñan lugar actuacións musicais. É correcta a miña interpretación?

O obxecto do REPES é recoller información respecto de calquera tipo de establecemento de restauración relacionado no Catálogo (restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías e bares) en atención á definición que de cada un deles fai o propio catálogo.

Xa que logo, a información que se debe enviar para integrar no REPES respecto de bares e restaurantes non garda relación con que se faga neles algunha actuación musical ou non senón que se debe enviar a información relativa a todos os bares e restaurantes con licenza ou declaración responsable no concello.

9º Debo enviar a información referente aos establecementos nos que se celebren espectáculos públicos ou teñan lugar actividades recreativas de tempada e ocasionais ou unicamente daqueles que teñan carácter permanente ?

O obxecto do REPES é recoller información respecto de calquera tipo de establecemento relacionado no Catálogo sen que o Decreto 226/2022, do 22 de decembro, faga ningún tipo de excepción ao respecto.

Xa que logo, a información que se debe enviar para integrar no REPES respecto dos establecementos abertos ao público inclúe todos os tipos que se prevén no artigo 6 do Catálogo, isto é, locais pechados permanentes non desmontables, locais non permanentes desmontables e recintos que unen varios locais ou instalacións.

Do mesmo xeito débese subministrar información de todo establecemento aberto ao público con independencia do tipo de espectáculo público ou actividade recreativa se desenvolva nel, é dicir, sexa este de carácter permanente, de tempada ou ocasional así como extraordinario.

10º É preciso enviar a información relativa aos locais socioculturais?

O REPES debe contar coa información de todos os establecementos, sexan de titularidade pública ou privada, nos que se podan levar a cabo calquera dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas contempladas no Catálogo.

Neste sentido, cómpre ter en conta que non forman parte do Catálogo as actividades que están excluídas do ámbito de aplicación da LEP, como son as actividades efectuadas en exercicio dos dereitos fundamentais de reunión e manifestación.

Xa que logo, se nos locais socioculturais se celebrasen unicamente reunións ou manifestacións, non sería preciso achegar a información relativa aos ditos locais. Pola contra, se neles se realiza calquera das actividades recollidas no Catálogo (por exemplo, actividades deportivas, culturais e sociais ou de lecer e entretemento), si deberán enviarse os seus datos.

11º Debemos enviar os datos relativos a locais de titularidade e/ou xestionados por asociacións?

A LEP aplícase a todo tipo de espectáculos públicos ou actividades recreativas con independencia de que sexan organizados con ou sen ánimo de lucro (art. 2 LEP). Por tal motivo, no REPES deben reflectirse todos aqueles establecementos nos que se leven a cabo actividades relacionadas no Catálogo, con independencia de que o seu titular sexa unha asociación ou unha empresa.

Xa que logo, a cuestión radica non na natureza xurídica da persoa titular do establecemento senón no tipo de actividade que se desenvolva nel: de ser un espectáculo público ou unha actividade recreativa das relacionadas no Catálogo, debe enviarse a información.

12º Debemos enviar a información de calquera empresa que teña organizado algún espectáculo público ou actividade recreativa no termo municipal do noso concello?

Non se require que os concellos envíen toda a información da que dispoñan de empresas non domiciliadas nel que teñan desenvolto algunha das ditas actividades do Catálogo senón que a única información que se exige a cada concello para o REPES é a relativa ás empresas domiciliadas no dito concello (sección I) ou ás que sexan titulares dun establecemento radicado nel (sección II).

13º No caso de instalacións de titularidade pública nas que se desenvolvan varios tipos de actividades, debo recoller unha fila de excel para cada unha delas ou as relaciono todas nunha única fila?

De acordo co Catálogo, nunha instalación é posible que se desenvolvan varios tipos de actividades, pero nalgúns casos pode haber unha actividade principal malia que nesa instalación podan desenvolverse outro tipo de actividades (por exemplo, un pavillón deportivo no que ocasionalmente se fagan concertos). Se ese é o caso unicamente se precisará na información destinada á sección III do REPES a actividade principal. Unicamente no caso das salas polivalentes se precisarán todas e cada unha dos tipos de actividades que nela se celebren e neste caso compre recollelas todas nunha única fila do excel.